



**MIGUEL ANXO ARAÚJO IGLESIAS**

Naceu en Sabadelle, concello de Pereiro de Aguiar (Ourense), o 10 de xaneiro de 1920. Entre 1932 e 1945 estudou na Universidade

Pontificia de Comillas (Santander), onde se licenciou en Filosofía e Teoloxía. Foi ordenado Sacerdote en 1945. Entre 1945 e 1970 foi profesor e rector do Seminario de Ourense. Bispo da diócese de

Mondoñedo-Ferrol de 1970 a 1985.

Bispo dimisionario en 1985. Recibe o Pedrón de Ouro en 1977, e dende 1980 é membro numerario da Real Academia Galega. Recibe o Premio Otero Pedrayo do ano 2000.



# DON RAMÓN, HOME CABAL

Miguel Anxo Araújo Iglesias

**A**lguén dixo que don Ramón “non cabe en Galicia, na Galicia limitada, máis ca polos montes e os ríos que a afastan de Portugal e da Meseta, pola estreiteza de miras daqueles que o pensan todo en termos de alfândegas e xurisdicións”.

Non se trata, penso seu, de que don Ramón non caiba en Galicia, senón que a Galicia de don Ramón é a síntese acabada da europeidade e da mesma cristiandade. Cada paisaxe desta Galicia era para el a miniatura fecunda dunha paisaxe europea e ata americana; cada igrexa galega era o xermolo das grandes catedrais de Occidente; cada regato era a reprodución viva dos grandes ríos europeos, e Compostela viña a se-lo cumio da “ecumene”, onde as rúas, as prazas, os moimentos e a catedral marcan o sino da historia universal dun pobo e dunha raza.

Neste intre dos vintecinco anos do seu pasamento eu quixera que se achegasen agradecidos ó seu carón o sorriso bulandeiro das nosas fontes e dos nosos ríos, o bruído dos nosos mares, a queixume sinfónica das nosas carballeiras, onde estoupasen xubilosas tódalas castañas dos nosos castiñeiros, se dobrasen reverentes tódalas espigas das nosas centeeiras, ofrecesen o seu variado coorido variopinto tódalas follas das nosas cepas do Ribeiro, cantasen a súa salmodia gregoriana os vellos mosteiros da Ribeira Sacra cos seus monxes encapuchados, rezasen rosarios de anceios e angustias tódalas velliñas

**Cada paisaxe desta Galicia era para el a miniatura fecunda dunha paisaxe europea e ata americana; cada igrexa galega era o xermolo das grandes catedrais de Occidente.**



*Otero na Biblioteca*

**Quero recoñecer que don Ramón foi sobre todo o grande home, o home cabal, cunha personalidade que lle rebordaba por tódalas bandas; semellaba o arquetipo do home honrado, sincero, xusto, acolledor, garimoso, humorista.**

Serán moitos os que falen aquí da capacidade e variedade cultural de don Ramón: o xeógrafo, o historiador, o ensaísta, o novelista, o grande orador e conversador e ata o político. Eu quero ir por outro camiño: a humanidade de don Ramón. Quero recoñecer que don Ramón foi sobre todo o grande home, o home cabal, cunha personalidade que lle rebordaba por tódalas bandas; semellaba o arquetipo do home honrado, sincero, xusto, acolledor, garimoso, humorista.

Fisicamente era toda unha humanidade, xa que o seu corpo era alto e ben cheo de carnes. Xa

de Trasalba, brincasen tódalas mozas galegas, saísen tódolos señores e labregos cos seus traxes festivos ó turreiro da igrexa, rexordisen dos seus pétreos sartegos tódolos vellos patrucios do noso pobo, e alá, o fondo desta procesión fantástica, o apóstolo Santiago recollendo na súa cunca peregrina tódolos recendos, tódalas cores, tódolos tempos dunha cultura occidental para enxertalos no mesmo cerne da galeguidade feita pedra, vida e historia no corazón daquela cidade sempre vella e sempre nova, que se chama Compostela.

entrado en anos tiña tódalas apariencias do grande señor de Trasalba: co seu chapeu, a súa garabata e o seu bastón de puño de prata, no que comezaba a apoiar a súa prematura artrose. Tanta figura física e tan elegante, nun principio daba a impresión de distancia, de alonxamento, de vivir noutra órbita e noutro tempo. El mesmo se solía definir coma o último romántico do século dezanove. Mais non era así don Ramón. El era o home bo; poderíamos dicir que era o “homo iustus” da Sagrada Escritura. Servidor sempre da verdade e dos demais, acolledor daqueles que se achegaban a el, desinteresado, pois



nunca soupo o que tiña, senón máis ben o que non tiña; fiel a súa palabra e sobre todo á súa dona, Fita. Nunca soupo don Ramón decir que “non” a calquera favor que se lle pedía, sobre todo se era unha conferencia, aínda que fose consciente que, en moitos casos, ía de suplenste.

Nos escritos de don Ramón, segundo nos di o Dr. García Sabell, aparecen algunhas constantes do home galego. As teses antropolóxicas de Otero Pedrayo poden resumirse nestas tres ideas fundamentais: querencia da terra, vivencia da inmortalidade e sobredominio da imaxinación. Para don Ramón, os labregos veñen sendo, polo seu apego á terra, “como axentes de orosión do chán humanizado de Galicia”. E no paisán, atado á observación dos signos celestes e dos ciclos animais e vexetais, “desaparece a noción do suceder histórico”. No movemento inverso, a paisaxe, pola súa man,

**Evocador e ben chantado; para nós, os galegos, é un símbolo diverso e único. Don Ramón chega a ser a árbore máis nobre da fraga de Galicia.**



reverte na historia e no carácter. Por outra parte, a linguaxe do labrego e do mariñeiro é esencialmente un xogo rico de metáforas. E isto pola sinxela razón de que o seu ámbito interior, a súa intimidade, “é un sucederse de imaxes, incluso no necesario revestimento dos conceptos”. Por último, a reverencia da inmortalidade sería para don Ramón “unha idea innata en Galicia”. Logo a imaxinación, mesturada co amor da terra, daríalle a ese palpito un sentido particular. Se o mundo é, antes de nada, unha profunda e sorprendente riqueza, a alma suspira “degoira” por un se quedar nel, “quere face-la ronda ó vello fogar”. Ou sexa, coa volición escura e esixente de tono imaxinativo, non morrer por completo. Quere ser inmorrente e pensa, co sentimento, que non morre. Trátase dun imaxinar en presentes continuos que teiman desde a inefable e tremecente intimidade de cada quen.

**As teses antropolóxicas de Otero Pedrayo poden resumirse nestas tres ideas fundamentais: querencia da terra, vivencia da inmortalidade e sobredominio da imaxinación.**

Coido que todo este tecido caracteriolóxico e temperamental que Otero Pedrayo observa no espírito galego, cecais fose descuberto intuitivamente na súa mesma persoa. Pois, a fin de contas, a polarización dominante de cara á terra, a inmortalidade e a imaxinación non son outra cousa ca unha actitude cara ó mundo que trata de superar, e aínda apreixar no fondo permanente o pouso que queda nas reverivoltas do fuxidío. Fantasía, transcendencia, e natureza. Se a todo isto lle engadimos un certo senso humorista da realidade e o alto aprecio da palabra xenerosa e ben composta, coido que teremos en versión cultivada, un esquema claro da figura humana de don Ramón.

Así son as cousas neste home abondo e gozador en todo e de todo. Evocador e ben chantado; para nós, os galegos, é un símbolo diverso e único. Pois don Ramón chega a ser a árbore máis nobre da fraga de Galicia. El ten

do castiñeiro os brazos Xenerosos e o regazo sombrío. Do piñeiro, o balbordo sensitivo e cotián, a porfía pola montaña, a curiosidade atrevida polo mar. Do bidueiro, a elegancia sen fachenda, como a sutileza branca e aguda que fai o pombo no ceo. Do ciprés, o lanzal, antigo señorío. Do carballo, a varonía, ese estar con todos e gardar, con gravidade honesta, a luz nunca mirrada da nosa terra. Don Ramón é un pazo que anda entre nós, un forno no antedía da festa, o peirado da volta, o compañeiro, o amigo do amigo. Herdade, pazo, forno, peirao, amigo; cousas para quedaren, cousas que perviven.

**Don Ramón é un pazo que anda entre nós, un forno no antedía da festa, o peirado da volta, o compañeiro, o amigo do amigo. Herdade, pazo, forno, peirao, amigo; cousas para quedaren, cousas que perviven.**